

**Directorio de organismos públicos e empresas participadas
Ano 2005**

COMUNICADO

UN TOTAL DE 429 ORGANISMOS E 179 SOCIEDADES CREADAS OU PARTICIPADAS POLAS ADMINISTRACIÓN DE GALICIA CONTRIBÚEN Á XESTIÓN DESCENTRALIZADA DAS SÚAS COMPETENCIAS

As administracións de Galicia contan con 429 organismos, 69 sociedades mercantís públicas, 110 sociedades mercantís participadas que contribúen á xestión coordinada e descentralizada das súas competencias. Os 326 organismos restantes do directorio son os estatutarios de Galicia e os centrais de cada nivel administrativo: Consello de Contas, Parlamento, Valedor do Pobo, Xunta, as tres universidades, os 315 concellos e as catro deputacións.

O funcionamento de 157 organismos baixo a tutela de máis dunha administración con competencias en Galicia responde á necesaria coordinación para a xestión eficaz dos servizos públicos

Dos 608 organismos que integrarían a administración especial de Galicia, 221 dependen unicamente da administración autonómica, 212 da local, 18 dalgunha das tres universidades, e 157 funcionan tutelados por máis dun nivel administrativo, incluído aquí o estatal.

Entre os organismos que pode utilizar a administración para xestionar as súas competencias predominan as fundacións e as sociedades mercantís

Un total de 145 organismos adoptan a forma legal de fundación. O campo de actuación das fundacións é moi amplo: desenvolvemento comarcal, actividades sanitarias, promoción cultural, organización de feiras e exposicións, etc.

No directorio figuran 179 sociedades mercantís participadas polas administracións de Galicia

Utilizando o criterio máis restritivo de considerar públicas só as participadas en máis do 50%, pertencerían ao sector público empresarial de Galicia 69 sociedades. Destas 69 sociedades, 16 están participadas unicamente pola administración autonómica, 27 pola local, 4 polas universidades e 22 son de natureza mixta, é dicir, no seu capital e xestión participan máis dun nivel administrativo.

Na administración local destacan as mancomunidades como formas de xestión supramunicipal

As 40 mancomunidades existentes e os 37 consorcios con participación da administración local teñen como obxectivos a prestación de servizos, a realización de actividades ou a defensa de intereses comúns. En Galicia non existen outras entidades de xestión supramunicipal como as áreas metropolitanas. Si figuran no directorio 9 entidades menores creadas polos concellos para a administración descentralizada en núcleos de poboación espallados.

A institución máis antiga é a Universidade de Santiago creada no ano 1495

A meirande parte dos concellos xa estaban constituídos a mediados do século XIX. No primeiro terzo do século pasado tamén estaban creadas as catro deputacións e moitas das confrarías de pescadores tuteladas hoxe pola Xunta de Galicia.

Soamente o 3% dos organismos teñen máis de 250 asalariados

O 39% dos organismos teñen menos de dez asalariados e o 34% entre 10 e 49 asalariados. Só 29 organismos superan os 250 empregados, entre eles figuran o Sergas, Xunta, as catro deputacións, as tres universidades, a TVG, o Instituto Galego de Medicina Técnica, dúas fundacións sanitarias, os concellos das sete cidades e os de Arteixo, Cangas, Pontearreas e Vilagarcía de Arousa.

No sector público empresarial destacan as sociedades de produción e distribución de enerxía e as dedicadas á promoción da cultura e do deporte

Outras ramas de actividade con presenza de capital público son a promoción inmobiliaria e os servizos de orientación e asistencia ás empresas.

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Comunicados en : <http://www.ige.xunta.es>
e-mail: ige@xunta.es